



Resolución do 12 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a participación no programa de innovación educativa “Introdución á robótica educativa en primaria” para centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria durante o curso 2017/18

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa) establece, no seu artigo 1, como un dos principios básicos que inspira o sistema educativo o fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.

O artigo 105 desta lei, establece que as administracións educativas favorecerán o recoñecemento do labor do profesorado dos centros públicos, atendendo á súa especial dedicación ao centro e á implantación de plans que supoñan innovación educativa.

O novo marco curricular do sistema educativo galego trata de garantir que o alumnado adquira non só coñecementos curriculares senón, tamén, que acade as competencias clave para o seu pleno desenvolvemento persoal e social. Para isto faise necesario utilizar estratexias metodolóxicas activas, recursos que o alumnado identifique como motivadores e próximos á súa realidade tecnolóxica e un enfoque interdisciplinar da aprendizaxe.

Neste senso, a robótica educativa pode xogar un papel destacado xa que permite traballar as áreas de Ciencias, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas (STEM nas súas siglas en inglés). Con este programa, búscase introducir de maneira curricular a robótica e o pensamento computacional, e polo tanto a programación, na etapa de educación primaria nos cursos 4º, 5º ou 6º.

De acordo co anteriormente exposto,

DISPÓN:

Artigo 1. *Obxecto*

Esta resolución ten como obxecto convocar a selección dun máximo de ata 120 centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación para participar no programa de innovación educativa “Introdución á robótica educativa en primaria” durante o curso 2017/18 co fin de que o alumnado poida iniciarse na experiencia de programación básica, robótica e construción.

Artigo 2. *Destinatarios*

Poderán presentar solicitudes aqueles centros docentes públicos dependentes desta consellería que impartan ensinanzas de educación primaria nos cursos 4º, 5º ou 6º.



Artigo 3. *Descrición do programa*

O programa “Introdución á robótica educativa en primaria” ten como principal fin que o alumnado poida iniciarse na experiencia de programación básica, robótica e construción.

Cada centro educativo ao que vai destinado esta convocatoria, dentro da súa autonomía, pode integrar a robótica de diversas maneiras: mediante unha materia de libre configuración de centro no marco da normativa vixente (Artigo 8 do Decreto 105/2014), dentro das materias de forma transversal, a través de programas de innovación educativa desta consellería ou obradoiros que se desenvolvan fóra do horario lectivo.

Poderá participar neste programa o profesorado que imparta docencia en educación infantil ou primaria do centro solicitante, con preferencia para os de 4º, 5º ou 6º de educación primaria durante o curso 2017/18.

Este programa vai dirixido ao alumnado que curse 4º, 5º ou 6º de educación primaria durante o curso 2017/18.

Con carácter xeral, os docentes que formen parte do proxecto serán como mínimo 2, un dos cales actuará como persoa coordinadora e o resto como docentes participantes.

Artigo 4. *Solicitude e documentación*

Cada centro poderá enviar unha única solicitude segundo o Anexo, asinada pola persoa que exerza a dirección do centro, na que se especificará:

- a. Persoa que exerce as funcións de dirección no centro (nome, apelidos, especialidade e DNI)
- b. Persoa que realizará as funcións de coordinación do programa (nome, apelidos, especialidade e DNI).
- c. Profesorado participante (nome, apelidos, especialidade e DNI).

Esta solicitude deberá vir acompañada da seguinte documentación:

1. Ficha resumo do proxecto onde se especifique como mínimo a seguinte información:
 - a. Niveis educativos no que se implementará o proxecto (4º, 5º ou 6º de educación primaria).
 - b. Breve informe sobre a experiencia do profesorado ou do centro participante en proxectos relacionados coa robótica, programación e o fomento STEM ou proxectos de innovación educativa da nosa consellería.
 - c. Breve descrición do proxecto que se vai desenvolver no curso 2017/18.
 - d. De xeito opcional, a descrición das necesidades formativas dos docentes para levar a cabo o proxecto.



2. Copia das actas da sesión do Claustro e do Consello Escolar do centro onde conste que estes órganos foron informados do proxecto e que acordan a súa participación nel, así como o compromiso de ambos os dous órganos para facilitar a posta en práctica do proxecto.

A solicitude (anexo) e a documentación débese presentar en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ademais, tanto o anexo como a documentación remitiranse ao correo electrónico roboticprimaria@edu.xunta.es nos prazos establecidos.

Artigo 5. *Prazos de solicitude*

O prazo de presentación de solicitudes e documentación finalizará o 29 de setembro de 2017.

Artigo 6. Criterios de selección

1. Centros que fagan unha proposta de integración curricular na aula ou como materia de libre configuración de centro (ata 40 puntos).
2. Proposta de proxecto "Robótica educativa en primaria": calidade, coherencia, implicación de docentes (ata 30 puntos).
3. Experiencia previa do centro ou dos docentes participantes en proxectos relacionados coa robótica, programación e fomento STEM (ata 20 puntos).
4. Participación do centro en actividades de innovación educativa da nosa consellería (ata 10 puntos).

Artigo 7. *Dotación material*

Cada centro docente seleccionado para desenvolver o programa recibirá unha dotación de material relacionada coa robótica educativa para poder levar a cabo o proxecto, segundo o establecido na *Resolución de adxudicación de licitación convocada na Resolución do 12 de abril de 2017, da Secretaría Xeral Técnica da CCEOU, pola que se anuncia a licitación, mediante procedemento aberto non suxeito a regulación harmonizada, da contratación documental simplificada da subministración de equipamentos de robótica con destino aos centros educativos de ensino primario que dependen desta consellería (expediente ED-05/17SU)* (DOG número 77, do 1 de abril de 2017).

Esta dotación estará formada polos seguintes mínimos:

- 6 robots de uso educativos, adecuados ás idades do alumnado.
- 6 kits de construción, que permitan a realización dun mínimo de 5 proxectos diferentes.
- Manual de uso e guía didáctica.



Artigo 8. *Comisión de selección*

A comisión de selección estará formada por:

Presidencia: subdirector xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado ou persoa en quen delegue.

Vogais:

Subdirectora xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo ou persoa en quen delegue.

Xefa de servizo de Formación do Profesorado.

Unha persoa asesora do Servizo de Formación do Profesorado.

Dúas persoas asesoras do Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa, unha delas actuará como secretario/a.

Artigo 9. *Resolución*

A comisión de selección, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, emitirá unha resolución provisional dos centros admitidos. Esta resolución provisional poderase consultar na web desta consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>).

Os centros solicitantes dispoñen dun prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación na mencionada web, para realizar reclamacións ou renuncias. Transcorrido este prazo, a comisión de selección realizará a valoración das reclamacións e renuncias recibidas, e a seguir elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que adoptará a resolución definitiva dos centros seleccionados.

O prazo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións desta resolución será de tres meses, e comezará a contar desde o día seguinte ao da data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen que se dite resolución expresa, os/as interesados/as poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpor recurso de alzada perante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación na web desta consellería, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Artigo 10. *Avaliación do programa*

A persoa coordinadora deberá realizar unha memoria na que como mínimo se contemplan os seguintes apartados:

1. Introducción.
2. Profesorado participante (nome, apelidos e DNI), identificando a persoa coordinadora.
3. Proxecto realizado.
4. Conclusións.

Esta memoria enviarase antes do 30 de xuño de 2018 ao correo roboticaprimaria@edu.xunta.es e servirá para avaliar o cumprimento dos fins do programa e, de ser o caso, para os efectos de certificación.

Esta memoria incluírase dentro da Memoria Xeral do centro docente.

Artigo 11. *Compromisos do centro e do profesorado participante.*

A participación do centro, no caso dos centros seleccionados, nesta convocatoria implicará a súa inclusión dentro da programación xeral do centro. Ademais a participación a esta convocatoria implicará a colaboración nas accións de difusión que se organicen.

O profesorado participante comprométese a participar na formación específica que se oferte durante o curso 2017/2018. Esta formación estará integrada no marco da formación en centros, para o que recibirán o asesoramento da Rede de Formación do Profesorado.

Artigo 12. *Certificación do profesorado participante*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria certificará, segundo a normativa vixente, a participación do profesorado no proxecto "Introdución á robótica educativa en primaria" como actividade de innovación educativa previa avaliación positiva da memoria presentada, cunha equivalencia de 30 horas de formación permanente do profesorado para a persoa coordinadora e de 20 horas para o profesorado participante.

Artigo 13. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado "Avaliación do sistema educativo", cuxo obxecto é xestionar este procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral Técnica da Consellería



de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Edificio administrativo de San Caetano, s/n, Bq. II – 2º andar 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a sxoifp@xunta.es.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2017

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa



PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PROGRAMA DE INNOVACIÓN EDUCATIVA "INTRODUCCIÓN Á ROBÓTICA EDUCATIVA EN PRIMARIA" CURSO 2017/2018	SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE							
CENTRO EDUCATIVO			CÓDIGO DO CENTRO		NIF		
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
PARROQUIA			LUGAR				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
EN CALIDADE DE DIRECTOR/A			

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE PRESENTA

- Ficha resumo do proxecto
- Acta da sesión do claustro
- Acta da sesión do Consello Escolar

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sxoifp@xunta.es.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

	,	de	de	
--	---	----	----	--

